



**Déi
xan
se
levar**

ALBERTE MOMÁN

Déixanse levar

ALBERTE MOMÁN

Arranxo gráfico: **designa edenia** | www.edenia.org

1.ª edición: xaneiro de 2007

Esta edición inclúese, conxunta e inseparabelmente, no libro *O alento da musa*, de **Alberte Momán** (ISBN: 978-84-935223-2-2)

© polos textos, **Alberte Momán**

© pola presente edición, **DIFUSORA DE LETRAS, ARTES E IDEAS, SL**, 2006

Rúa Bedoya 5-2º, 32004 Ourense.

Teléfono: 988 222 244

Fax: 988 255 010

Correo electrónico: info@difusora.org

Internet: www.difusora.org

*Cuneiforme e apátrida guerreiro aquí me tens
para fillo. Basta.*
DURELINO COSTA

Non lembro a data exacta, soubemos que se achegaba o momento de defender o feito de vida dun, o noso, grupo de persoas, homes e mulleres donos de si mesmos, en perigo por unha outra vida dona dun todo meirande. O fracaso chegou logo, presto a definir os nosos azos en minoría – antes morrer que saír derrotados!– vencidos sucumbimos.

déixanse levar

candeas
como mastros
enxurran o ceo

non tiven a oportunidade
de advertir

o tempo ergueuse contra nós

aló ficamos
no bambán das ondas

aló tamén
onde
a auga
repousa

dirixía o voo
soletreando as nubes

todo canto non se deña
dicir
sorprenido pola fastosa
abundancia
de palabras
que nada tiñan a ver
con nada
ou case

logo soubemos que había
máis formas
posibles
de resposta
e reaximos
con tardanza
a contundencia
nusta
para dicir a última palabra
inadvertida

Vacas remoem nos regueiros

assim apascentam
e defecam (e fodem).

Não haverá mais novilhos!
disse a mãe

Na testa suspendeu a identidade por um letreiro que dizia:
anónimo.

e baloiçava...

DURELLINO COSTA

o vento
feriu a cerna

o barco virou

o oceano volveuse rio

nas súas marges
fileiras de árvores
asubían

a voz plástica

recúa o can
sobre as pegadas
o camiño irrecognecíbel

a consistencia atordante
do besbellante murmurio das árbores

as frondes imbricadas
no velame
danado

as ondas místicas
que aceleran a partida

confabúlanse vento e pingas
para destronar a nao
fondeada en túmulos
lamacentos

mulleres e homes
en terra
perpetúan nas superficies
as formas
adheridas

tras súa
nun cemiterio
a nave recúa
coa maré

a beleza de cada pedra diz sua
herança genuína
já não ousa lutar contra o calamitoso
ЛЕНАПОРЕ ТЕМЕИРА МЕНОЕС

10

esgrime
a memória
a pedra ainda
quente
das estatuas

